

Dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, en colaboración co departamento de Educación Plástica e Visual, convocamos o **"Concurso de postais de Nadal 2021"**.

Gustaríanos que o alumnado do IES de Pastoriza amosase as súas destrezas artísticas participando neste concurso. As bases son as seguintes:

FORMATO: O tamaño máximo da postal será A5 ou de medio folio.

MATERIAL: Cartolina ou folio. (Aqueles persoas que desexen participar, teñen á súa disposición **cartolina A4** na conserxería, ata esgotar existencias).

MOTIVO TEMÁTICO: O Nadal en Pastoriza.

TÉCNICA: A técnica será libre, pero non se poderán utilizar deseños por ordenador nin con texturas (algodón, purpurina, goma EVA...).

CON TEXTO EN LINGUA GALEGA: Desexos de Nadal, unha panxoliña, un poema, un lema...

DATOS: Nome, apelidos e grupo na parte posterior da postal.

ENTREGA E DATA LÍMITE: As postais serán entregadas ás profesoras de Galego ou ao profesor de Educación Plástica e Visual ata o venres, 10 de decembro de 2021 (incluído).

PREMIOS: O xurado concederá **tres premios sorpresa** con diverso material escolar ás postais orixinais e inéditas co mellor deseño e texto en lingua galega.

- **As tres postais gañadoras poderanse editar para felicitar o Nadal a toda a comunidade educativa na páxina web do centro.**

- Farase unha exposición no "Taboleiro da Lingua" (situado no andar 0) coas postais participantes no concurso.

- **A decisión do xurado será inapelable e este poderá declarar os premios desertos se considera que os traballos presentados non reúnen a calidade suficiente e/ou non seguen as bases do concurso.**

- **A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases.**

Non o dubides e participa! 😊